

O PSOE será “a voz” dos veciños de O Páramo e de Oourol no Parlamento e reclamará á Xunta que garanta a atención sanitaria nestes centros de saúde

Concepción Burgo e José Ramón Val, a petición dos alcaldables socialistas destes municipios Pablo Armesto e José Luis Pajón, veñen de rexistrar varias iniciativas neste senso, pois a falta de profesionais está a provocar serias dificultades para atender as necesidades sanitarias habitantes que ten este concello

O Páramo contaba con dúas médicas de plantilla pero, aproveitando a baixa temporal dunha delas, o SERGAS eliminou unha praza, unindo así a cota que quedaba sen facultativa á da outra médica e concedendo tan só un substituto dous días á semana. En Oourol, e logo do concurso de traslados, un deles que, casualmente é o alcalde, obtivo a praza no concello de Vilalba, provocando que o centro mariñano conte tan só cun único profesional

“Desta maneira non é posible fixar poboación, o que demostra que todas as declaracións do presidente Feijóo, afirmando que ten unha política de apoio ao medio rural e de loita contra a caída demográfica, é unha falsidade, xa que para conseguir estes obxectivos a primeira medida a tomar é que haxa uns servizos básicos suficientes”, afirman

Tal e como subliñou Burgo, quen participou na manifestación convocada para hoxe en O Páramo, o que está a pasar neste municipio é consecuencia “da política redutora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir médicos nos concellos de menos de 2.000 habitantes, nos que se inclúen estes e outros 24 municipios lucenses

O PÁRAMO/OUROL 10 DE ABRIL DE 2015.- Os socialistas, a petición dos alcaldables de O Páramo e Oourol –Pablo Armesto e José Luis Pajón- defenderán no Parlamento de Galicia as peticións dos veciños destes municipios relativas á atención sanitaria dos respectivos centros de saúde. Así o confirman os deputados autonómicos –Concepción Burgo e José Ramón Val-, que veñen de rexistrar distintas iniciativas na Cámara galega co fin de que, no primeiro caso, se repoña de inmediato o servizo de Atención Primaria, agora reducido á metade, e que sexa atendido por dous facultativos. No caso do municipio mariñano, as peticións dos deputados van dirixidas a esixir ao Goberno galego que cubra a praza de médico vacante.

“Seremos a voz deles. A Xunta de Galicia está levando a cabo unha política extremadamente perigosa de recortes de servizos básico no medio rural. Desta maneira non é posible fixar poboación, o que demostra que todas as declaracións do presidente Feijóo, afirmando que ten unha política de apoio ao medio rural e de loita contra a caída demográfica é unha falsidade, xa que para conseguir estes obxectivos, a primeira medida a tomar é que haxa uns servizos básicos suficientes”, afirma Burgo, quen participou na manifestación convocada este venres no municipio paramés por esta causa.

Casísticas concretas

Concretamente, o concello de O Páramo contaba con dúas médicas de plantilla pero, aproveitando a baixa temporal dunha delas, o SERGAS eliminou unha, unindo así a cota que quedaba sen facultativa á da outra médica e concedendo tan só un substituto dous días á semana. Un ano despois, a situación empeorou aínda máis, dado que, neste momento, só está atendendo a poboación unha profesional substituta e outro facultativo que vai un día á semana e que sempre é novo. Isto provoca que, na actualidade, tan só unha médica e un enfermeiro se vexan obrigados a facerse cargo da consulta diaria das dúas cotas, das urxencias e de todas as visitas a domicilio; “unha carga claramente excesiva, cando estamos a falar dunha poboación avellentada, dispersa e

con doenzas crónicas e moitas persoas enfermas encamadas”, especificou a deputada esta mañá durante a marcha que se iniciou diante do ambulatorio e rematou na farmacia da localidade.

No caso de Oulol, tal e como explica Val, ata hai poucos días viñan prestando atención médica dous facultativos. Logo do concurso de traslados, un deles que, casualmente é o alcalde, obtivo a praza no concello de Vilalba, no que reside a diario. Este cambio é o causante de que arestora o centro mariñano conte tan só cun único profesional.

“Esta situación está xerando incerteza e deficiencias á hora de atender aos doentes, pois loxicamente o servizo non é o mesmo con tan só un médico que, en ocasións, tamén ten que acudir a urxencias, deixando completamente desatendido o propio centro sanitario. Nin a crise, nin o aforro, nin a austeridade poden servir como escusa para deixar sen un servizo público básico a preto de 1.200 cidadáns”, afirma Val.

Consecuencias dos recortes do PP

E é que, mentres para o Goberno de Feijóo a contratación por un día a semana dun profesional para cubrir esta vacante parece ser suficiente, para os socialistas a falla de facultativos neste centros de saúde, non é máis que outra consecuencia dos continuos recortes do Partido Popular.

En definitiva, o que está a pasar en O Páramo e Oulol, así como noutros concellos da provincia e dos que os socialistas tamén trasladaron as súas demandas á Xunta na Cámara galega, como é o caso de Pobra de Brollón, Cospeito, Riotorto ou Mondoñedo, é consecuencia “da política reductora da Xunta”, plasmada tamén no anuncio de reducir médicos nos concellos de menos de 2.000 habitantes. Trátase esta dunha medida que, de levarse a cabo, afectaría a un total de 24 municipios, é dicir, a 32.765 habitantes.

Precisamente, neste recorte, ademais destes concellos, outras localidades nas que se eliminarían profesionais na provincia de Lugo son as seguintes: Baleira, Bóveda, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Meira, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Rábade, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Samos, Trabada, Triacastela e O Vicedo.